

MEMORIA 2012



DOWN PONTEVEDRA
"XUNTOS" ASOCIACIÓN PARA A
SÍNDROME DE DOWN.

DOWN PONTEVEDRA "XUNTOS"; ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN

- 1. INTRODUCCIÓN**
- 2. CONTEXTUALIZACIÓN**
- 3. FUNDAMENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO MESMO**
- 4. USUARIOS/AS DA ENTIDADE**
- 5. MISIÓN E PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN**
- 6. OBXECTIVOS**
- 7. PROGRAMAS**
- 8. METODOLOXÍA DO TRABALLO**
- 9. TEMPORALIZACIÓN E CRONOGRAMA**
- 10. RECURSOS HUMANOS**
- 11. RECURSOS MATERIAIS**
- 12. ACCIÓN DA FORMACIÓN REALIZADA**
- 13. AVALIACIÓN**
- 14. BALANCE DE GASTOS E INGRESOS**

DOWN PONTEVEDRA "XUNTOS"; ASOCIACIÓN PARA A SÍNDROME DE DOWN

1. INTRODUCCIÓN

Down Pontevedra "XUNTOS" Asociación Síndrome de Down nace un 26 de Decembro de 1991, despois de que un grupo de pais e familiares de persoas coa Síndrome de Down decidisen xuntarse para loitar por un obxectivo común: mellorar a calidade de vida das persoas coa Síndrome de Down e como consecuencia conseguir a plena inclusión destas persoas en tódolos ámbitos (escolar, familiar, laboral, social...).

A Asociación, constituída sen ánimo de lucro, con **nº 15 no libro de rexistro municipal**, ten personalidade xurídica propia, independente da dos seus asociados e estende a súa actividade á zona Norte da Provincia de Pontevedra, abarcando poboacións limítrofes que poidan verse beneficiadas. Cabe destacar, que a nosa entidade Down Pontevedra "Xuntos", Asociación para a Síndrome de Down, dispuxo dun sistema de Xestión de Calidade conforme coa norma UNE-EN ISO 9001:2008 para a prestación dos servizos en todos os nosos programas.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

A entidade tivo os seus inicios nun local sito en la r/ Pardo Bazán da cidade de Pontevedra, por espazo de ano e medio, pasado este tempo trasladouse a outro local en aluguer na r/ Oliva e neste estivo ata que no mes de Decembro de 1999, a Asociación adquiriu un piso en propiedade na r/ Cobián Roffignac, e no cal está fixada a su sede na actualidade.

Actualmente, ante a falta de espazo debido ao aumento de usuarios/as na entidade, temos un local alugado para a realización de determinados programas, éste está situado en r/ Rouco.

3. FUNDAMENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO MESMO

Na nosa Asociación, trabállase por e para o **Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP)** que fomenta o desenvolvemento persoal, social, escolar e laboral das persoas con Discapacidade Intelectual.

O obxectivo principal do SEPAP é proporcionar ás persoas con Discapacidade Intelectual os recursos axeitados que lle permitan a participación da forma máis autónoma posible na comunidade, mediante o fortalecemento dos seus recursos persoais e o entramento da autonomía persoal, por un lado, e a súa incorporación efectiva ao emprego ordinario, e a aprendizaxe para unha vida autónoma e independente por outro. Seguimos pois, unha liña integradora que permita a inserción social dos/as nosos/as usuarios/as, entendendo a inserción social, familiar, escolar e laboral como un punto clave para conseguilo.

A maioría das persoas con discapacidade intelectual presentan unha serie de **características**, en relación coa poboación media, que consideramos fundamentais se coñezan e se teñan en conta, especialmente para entender a liña de actuación que seguimos, posto que teñen unha grande influencia nos procesos de ensinanza e aprendizaxe destas persoas (*M.A. Verdugo.*):

- Esquecen máis que a media.

- Requiren máis tempo e ensaios para volver a acadar o criterio de rendemento orixinal.
- Dificultade en tarefas que requiren estratexias activas de recordo.
- Non producen estratexias nemotécnicas espontaneamente, pero aprenden a usalas.
- Mantense a estratexia adestrada; pero teñen maior dificultade para xeneralizala.
- Problemas para almacenar a información de xeito que se poida recuperar facilmente.
- Máis lentos para procesar información semántica almacenada na memoria.
- Dificultade para acumular información.
- Detectar estímulos apropiados.
- Trasladar a información a unha resposta axeitada.
- Cando se lles ensina ou adestra en ambientes especiais non saben aplicar o aprendido a situacións normalizadas, problema que se resolve ensinándolles en ambientes ordinarios..."
- A capacidade de concentración das persoas coa síndrome de Down é moi reducida, por ilo obterase maior grado de atención e concentración si se reducen o número de estímulos ambientais que dispersan a súa capacidade de atención. O nivel de atención e rendemento e maior nos procesos formativos canto menor sexa o número de alumnos por grupo.

Estas características inciden nos procesos de ensinanza - aprendizaxe, polo tanto, deben ser tidas en conta á hora de plantexar as accións formativas.

Por outro lado as persoas coa Síndrome de Down dispoñen dunha serie de puntos fortes nos que se basean as programacións formativas e que resultan imprescindibles á

hora de confeccionar un material individualizado. Ditos puntos fortes segundo *Eloísa Teijeiro*, psicopedagoga e asesora en valores do CFR de Vigo, son os que seguen:

- ➔ Capacidade para a imitación de modelos e condutas
- ➔ Boa memoria implícita de feitos, rutinas, etc.
- ➔ Habilidades coa Modalidade Sensorial Visual.
- ➔ Habilidades para persistir nunha acción.

Dende os primeiros días de vida, tanto os/as nenos/as con Discapacidade Intelectual en xeral e a Síndrome de Down en particular, xunto coas súas familias necesitan axuda e apoio de persoas que poidan orientalos, para que a interrelación entre a familia, o/a neno/a e o ámbito sexa o máis axeitada para favorecer o seu desenvolvemento.

Nace así a necesidade de completar a súa formación integral para conseguir un proceso de integración definitivo na sociedade.


Para alcanzar a inclusión escolar é necesario reforzar a adquisición de coñecementos nas distintas áreas así como facer un seguimento do proceso de inclusión, asesorando á súa vez ós profesores/ás encargados da súa educación regulada para conseguir optimizar este proceso. Por outra parte debemos seguir traballando cós pais na adquisición de habilidades da vida cotiá, có fin de que estes nenos/as sexan o máis autónomos posible.

En canto ós mozos/as coa Síndrome de Down e/ou outro tipo de discapacidade intelectual, consideramos necesario darlle o máximo apoio nesta etapa da súa vida, para alcanzar un nivel de autonomía que lles permita participar da vida social en xeral, gozar

das posibilidades sociais e culturais dos/das mozos/as da súa mesma idade e a preparaci3n para unha futura inclusi3n laboral. Somos coñecedores da importancia que ten esta fase de desenvolvemento das persoas e que nestes mozos/as pode significar dar un paso adiante e chegar 3 inclusi3n social e laboral ou pola contra permanecer nunha total e continuada dependencia familiar.

4. USUARIOS/AS DA ENTIDADE

Durante o ano 2012 dos 98 socios da entidade acudiron aos programas de atenci3n directa da entidade un total de 78 persoas coa S3ndrome de Down e/ou outra Discapacidade Intelectual da provincia de Pontevedra, con idades comprendidas entre os 2 meses de idade e os 55 anos.



Fonte: Elaboraci3n Propia 2012; Arquivos da entidade

5. MISI3N E PRINCIPIOS DE ACTUACI3N

A misi3n da nosa entidade, est3 recollida 3 s3a vez no Plan estrat3xico da Federaci3n Down Galicia: Mellora da calidade de vida de cada persoa coa S3ndrome de Down e con

discapacidade intelectual e das súas familias, promovendo o exercicio efectivo dos seus dereitos, deberes e liberdades fundamentais para o seu desenvolvemento integral como persoas.

Principios:

- Diversidade
- Dignidade
- Autodeterminación
- Inclusión
- Igualdade de oportunidades

6. OBXECTIVOS

A asociación ten como **fin xeral mellorar a calidade de vida das persoas coa Síndrome de Down e/ou outra Discapacidade Intelectual**, potenciando o pleno desenvolvemento das súas capacidades individuais, favorecendo a súa inclusión familiar, escolar, laboral e social, e en definitiva o desenvolvemento dunha vida normal.

Para isto dirixirá a súa actuación á consecución dos seguintes FINS, tal e como se recollen nos seus estatutos:

- a) Fomentar a constitución de Asociacións en aqueles lugares nos que non se cubra a atención das Persoas coa Síndrome de Down e/ou outro tipo de discapacidade intelectual, especialmente na comunidade galega.
- b) Estimular as relacións entre os seus membros
- c) Impulsar e potenciais obxectivos e as actividades dos seus membros

- d) Estudar e promover disposicións legais que garantan os dereitos das persoas coa Síndrome de Down e/ou outro tipo de discapacidade intelectual.
- e) Establecer programas e accións encamiñadas a promover estudos científicos sobre a Síndrome de Down e/ou outro tipo de discapacidade intelectual.
- f) Promover e realizar campañas de información e mentalización social para difundir o coñecemento e a realidade das persoas coa Síndrome de Down e/ou outro tipo de discapacidade intelectual.
- g) Representar aos seus membros ante as entidades públicas e privadas e demais organismos en cuestións de interese xeneral ou a petición dos mesmos
- h) Promover proxectos de integración escolar, laboral, social e programas de saúde.
- i) Impulsar e potenciar a cultura e o deporte como actividades fundamentais para o normal desenvolvemento das persoas coa Síndrome de Down e/ou outro tipo de discapacidade intelectual.
- j) Xestionar subvencións ante os organismos competentes de carácter local, provincial, autonómico, nacional ou internacional (públicos ou privados) para obter recursos para o seu funcionamento.
- k) Organizar comisións de traballo, grupos de estudo, sesións técnicas, congresos, conferencias, seminarios, bibliotecas, publicacións e demais actividades encamiñadas ao cumprimento dos obxectivos e fins da asociación.
- l) Promocionar e utilizar tódolos medios lícitos de propaganda e difusión para dar a coñecer a problemática das persoas coa Síndrome de Down e/ou outro tipo de discapacidade intelectual e as súas familias.
- m) Establecer e manter relacións de colaboración con outras organizacións que teñan obxectivos similares, aínda que non se trate da Síndrome de Down.

- n) Exercer a vixilancia e control especialmente nas condicións hixiénico- sanitarias dos centros específicos ou daqueles outros nos que se realice a integración das persoas coa Síndrome de Down e/ou outro tipo de discapacidade intelectual
- o) Prestar apoio psicolóxico ás familias das persoas coa Síndrome de Down e/ou outro tipo de discapacidade intelectual
- p) Prestar apoio psicolóxico as nais das persoas con Síndrome de Down e/ou outro tipo de discapacidade intelectual con sobrecargas familiares
- q) Fomentar todas aquelas políticas de discriminación positiva que promova a inserción a tódolos niveis da sociedade (escolar, familiar, social, laboral...) das mulleres coa Síndrome de Down e/ou outro tipo de discapacidade intelectual.
- r) Organizar actividades de tipo cultural, lúdico, recreativas..., etc., dirixidas a mozos/as coa e sen Síndrome de Down e/ou outro tipo de discapacidade intelectual que fomenten a integración. Para a posta en marcha destas actividades crearase una sección xuvenil.
- s) Calquera outro que, de maneira directa ou indirecta, poida contribuír á realización e cumprimento dos fins da Asociación.

7. PROGRAMAS



Fonte: Elaboración Propia 2012, *Comité de Calidade*

Esta área están dirixida aos usuarios/as entre 0 e 6 anos que aínda non están integrados no sistema educativo. Neste intre temos a 6 usuarios neste servizo. Todas as accións e intervencións deben considerar non só ao neno/a senón tamén á familia, á escola infantil e ó medio.

Programa de Atención Temperá

O Programa de Atención Temperá segue unha metodoloxía baseada nun modelo de intervención bio-psico-social.

Nas sesións entra a familia para ter unha maior interacción con ela, e poida observar como pode facer para establecer as condicións favorables para facilitar a adquisición de aprendizaxes novas ou establecer as que está acadando.

O número de sesións varía segundo a idade do neno/a e máis as posibilidades da familia.


Os nenos/as coa Síndrome de Down teñen a necesidade de ser ensinados en gran parte das súas aprendizaxes, incluídas as que outros nenos/as adquiren por si mesmo, xa que se non se fai, córrese o risco de que o neno/a con discapacidade intelectual non logre esa destreza ou habilidade ou a logre dun xeito inaxeitado.

Os programas de Atención Temperá teñen como obxectivo principal potenciar as capacidades e o benestar do neno, posibilitando, da forma máis completa, a súa autonomía persoal a súa inclusión no medio familiar, escolar e social.



Dende a Asociación, o Psicólogo realiza un diagnóstico dos/das nenos/as. Elabora un programa de intervención no que se establecen os obxectivos a alcanzar e as estratexias para conseguilos.

Nas sesións trabállase conxuntamente có pai e coa nai e co neno/a para que vaia adquirindo condutas e habilidades importantes dende os primeiros días de vida, a través de xogos e rutinas que teñen lugar cada día nas súas casas, experiencias útiles e divertidas que pouco a pouco irán xeneralizando (Preténdese maximizar o desenvolvemento dos nenos/as coa Síndrome de Down dende os primeiros momentos).



Fonte: Elaboración Propia 2012. *Down Pontevedra "Xuntos"*

[ÁREA DE INCLUSIÓN EDUCATIVA](#)

Esta área está dirixida a persoas usuarias a partir dos 3 anos que están dentro do sistema educativo regrada onde os programas integrados teñen como principal obxectivo a mellor inclusión educativa das súas persoas usuarias.

Programa de apoio e inclusión escolar/coordinación con centros

O programa baséase en promover e facilitar a inclusión escolar dos alumnos coa Síndrome de Down e, en xeral, de tódolos alumnos con discapacidade intelectual no sistema educativo ordinario. E para conseguilo dende a Asociación queremos manter unha colaboración directa cós centros para conxuntamente conseguir mellorar a súa inclusión e que os/as alumnos/as con discapacidade intelectual non só estean fisicamente senón que participen da súa actividade e se beneficien da interacción do grupo-clase.

O programa de apoio e inclusión escolar/coordinación con centros ten por obxectivo brindar os apoios necesarios aos profesionais dos centros educativos e os/as usuarios/as nos propios centros para unha mellor inclusión educativa. Así como establecer medidas que faciliten a coordinación dos axentes educativos implicados (centro educativo, familia, entidade) na educación de cada un dos alumnos coa Síndrome de Down e/ou outra discapacidade intelectual, co obxecto de traballar conxuntamente na adquisición de contidos escolares funcionais que axuden ó alumno con necesidades educativas especiais a adquirir autonomía para a vida.

Entre os seus obxectivos do programa tamén se contemplan o de ser referente para o equipo docente en todas aquelas cuestións que teñan que ver co alumnado destas características.

Dar resposta inmediata ás demandas puntuais que dende o centro educativo xurdan en relación coa escolarización do alumno.

Fomentar a tolerancia na diversidade dentro do ámbito escolar.

Ao longo de todo o ano mantéñense visitas periódicas aos centros e contactos telefónicos e vía e-mail cós profesionais implicados no desenvolvemento educativo do neno/a

Programa de Apoio Personalizado: engloba os seguintes:

LOGOPEDIA

O Programa de Logopedia implántase pola importancia que ten a linguaxe no desenvolvemento dos nenos/as. Sendo unha das áreas nas que as persoas coa Síndrome de Down necesitan máis reforzo, **nesta área acoden 21 usuarios/as.**

O que se intenta con este programa é establecer, favorecer, facilitar e potenciar a expresión e comprensión social e funcional, xa sexa a través da linguaxe oral ou a través de aspectos visuais (comunicación aumentativa), buscando desenvolver os aspectos sociais que interveñen directamente no desenvolvemento da linguaxe e intentando realizar actividades lúdicas para conseguir unha linguaxe o máis funcional posible.

Preténdese que en primeiro lugar o rapaz/a teña intención de comunicarse; e en segundo lugar, que consiga unha estruturación lóxica da linguaxe; e por último, que obteña unha produción articulatória o máis normalizada posible. Sendo o desenvolvemento da comunicación a finalidade máis importante do programa.

A educación lingüística deberá ser sistemática e funcional. A práctica totalidade das persoas coa Síndrome de Down necesitan intervención logopédica dende o nacemento mesmo a idade adulta, pasando por distintas fases e estratexias de intervención segundo a idade e características da persoa.


A través de distintos xogos, lotos e sobre todo de Programas de ordenador específicos para o programa da fala, créanse contextos de comunicación que dan pé a diferentes situacións nas que o neno/a debe expresarse oralmente, ou no traballo en grupo créanse situacións máis naturais de comunicación.

E, é, a partires deste momento no que vai ampliando o seu repertorio lingüístico e cognitivo, onde se van perfeccionando as estruturas que utiliza e no que se reeducan os aspectos fonéticos e fonolóxicos nos que presentan dificultades.

Coas persoas coa Síndrome de Down con altos déficits comunicativos faise un traballo máis específico coa intención de potenciar a súa comprensión verbal e a súa expresión aproveitando os recursos dos Sistemas visuais de comunicación, facilitando deste modo as relacións sociais.

Frecuentemente atopámonos cun colectivo de nenos/as e mozos/as coa Síndrome de Down con altos déficits comunicativos, a maioría presentan serias dificultades para a expresión oral, o que resulta en dificultades na súa integración social e escolar, así como a adquisición das aprendizaxes básicas.

A importancia de traballar a comunicación dende os primeiros anos crese primordial para o mellor desenvolvemento das persoas coa síndrome de Down.



Fonte: Elaboración Propia 2012. *Down Pontevedra "Xuntos"*.

APOIO EDUCATIVO

O Programa de Apoio Educativo pretende dar apoio ao usuario/a, familia e centro educativo có fin de favorecer a súa inclusión educativa. **Actualmente acoden a sesión un total de 25 usuarios/as.**


Trabállase fundamentalmente o reforzo das aprendizaxes instrumentais básicas (lectura, escritura e cálculo) xunto co progresivo desenvolvemento do razoamento lóxico e a constante mellora da autoestima.

Préstase especial atención ao desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal, tanto na escola como na casa e na sociedade, participando dentro das súas posibilidades, en todas as actividades para acadar cada vez maior independencia.

A pedagoga da Asociación realiza sesións de traballo individual cós nenos en idade escolar en función das necesidades e os ritmos de aprendizaxe de cada un.

O obxectivo xeral é desenvolver as capacidades dos usuarios/as, proporcionando os apoios precisos para solventar as dificultades nas aprendizaxes.

Préstaselle especial atención ao desenvolvemento da expresión oral e escrita, a adquisición da lectura, os principais conceptos básicos e matemáticos necesarios para a vida cotiá en estreita coordinación co centro escolar e os profesores que atenden ó neno/a.



Fonte: Elaboración Propia 2012. *Down Pontevedra "Xuntos"*.

AUTONOMÍA

O Programa de Autonomía pretende que o usuario/a acade a maior autonomía posible en cada caso, previndo a dependencia, mediante a prestación dos apoios estritamente imprescindibles e creando aquelas oportunidades necesarias para que poidan formar parte da comunidade, seguindo sempre criterios de normalidade. **Contamos con 16 usuarios/as neste programa.**

Con este fin trabállase a adquisición e mellora das habilidades nas seguintes áreas de traballo:

- Autonomía persoal e social.
- Autonomía urbana e na comunidade.
- Autonomía doméstica.


O obxectivo xeral deste programa é dotar ás persoas usuarias dos apoios necesarios para aumentar a autonomía en tódolos ámbitos da vida: persoal, social, educativo e familiar.

Trabállanse as habilidades no aspecto físico, afectivo, cognitivo, comunicativo e de integración escolar.

Estas actividades iníciáanse con nenos de 6-7 anos en diante, xa que as habilidades parten de actividades sinxelas e vanse facendo máis complexas en función da idade e a competencia persoal.

Realízase un programa axeitado a cada neno/a; unha monitora é a que guía a aprendizaxe das habilidades a traballar en pequenos grupos e que constarán de entramento na aula, en combinación con prácticas na rúa. Esta profesional traballa de forma conxunta có resto dos profesionais da Asociación.

Neste tipo de actividades é fundamental a colaboración da familia e profesores para a xeneralización das condutas adquiridas.



Fonte: Elaboración Propia 2012. *Down Pontevedra "Xuntos"*.

ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO

Esta área está dirixida, principalmente, ás persoas usuarias que remataron a súa etapa educativa no sistema regrado así como tamén a aquelas persoas que aínda estando no sistema educativo están en busca activa de emprego. O obxectivo principal dos programas ubicados nesta área é desenvolver as capacidades das persoas usuarias para a inserción laboral e/ou a mellora da súa empregabilidade.


Programa de Emprego con Apoio (ECA)

Dende Xuño de 2.002 a Asociación ten en marcha un proxecto denominado "Emprego con Apoio", este proxecto está promovido pola Consellería de Traballo ten ámbito autonómico e a súa finalidade é a inclusión de mozos/as coa Síndrome de Down e/ou outro tipo de discapacidade intelectual, na empresa ordinaria; entendida esta inclusión non como un fin en si mesmo, senón como un medio para acadar a inserción en tódolos ámbitos: familiar, social, laboral, económico, etc.

Xa que non se trata só de que os niveis de inserción laboral das persoas con discapacidade intelectual sexan, como amosan os datos sensiblemente inferiores ós de outros grupos de persoas con discapacidade, senón que, ademáis, a práctica totalidade das persoas con discapacidade intelectual que traballan, fano nun medio laboral protexido.

Para a posta en marcha deste programa, a Asociación conta con técnicos/as en inserción laboral, encargados da formación dos usuarios/as integrantes do programa e do contacto cas diferentes empresas da provincia interesadas en colaborar co mesmo. Para que este proxecto sexa exitoso necesitamos contar co apoio de todos; das familias dos usuarios/as, das institucións públicas e privadas, do mundo empresarial. En

definitiva da sociedade, para que as persoas con discapacidade demostren por sí mesmos cáles son as súas verdadeiras capacidades de traballo. **Actualmente temos a 19 usuarios/as neste programa.**



Fonte: Elaboración Propia 2012. *Down Pontevedra "Xuntos"*.

Programa de Formación para o emprego

Na actualidade, a maioría das persoas con discapacidade en idade escolar atópanse escolarizados en colexios ordinarios. Nos últimos dez anos, deuse un gran paso en pro da integración "normalizando" a inclusión escolar. Actualmente temos na Asociación 25 usuarios neste programa.

Sen embargo a inclusión leva consigo que na escola cada rapaz/a teña unha Adaptación Curricular Individualizada (ACI). Esta ACI soe ser, na etapa da Ensinanza Secundaria Obrigatoria, unha Adaptación Curricular Individualizada Significativa (ACIS) o que, ó rematar os estudos, implica por regra xeral que non obteñan o graduado en educación secundaria pois, aínda que conseguiran os obxectivos marcados na ACIS, estes obxectivos soen ser inferiores ós obxectivos globais que


deben ser acadados na ESO. A falta de graduado na educación secundaria impide que un ha persoa con necesidades de apoio educativo, que remata o seu período escolar poida acceder á formación regrada, é dicir, ó bacharelato ou á formación profesional de grado medio. Ademais, é moi frecuente que ó rematar ou abandonar a ensinanza secundaria, as persoas con Discapacidade Intelectual non só non teñen coñecementos teóricos suficientes para integrarse no mundo laboral directamente, senón que tampouco acadaron o grado de madurez persoal para facelo.

Dende Down Pontevedra, preténdese traballar de cara a que estas persoas reciban a formación socio-laboral axeitada que lle permita xunto cos recursos ordinarios que ofrece a comunidade ampliar a súa formación de cara a acadar un posto de traballo na empresa ordinaria e unha vez conseguido, mellorar o seu repertorio de habilidades e o desenvolvemento das tarefas no mesmo.

Polo que o Programa de Formación para o Emprego consiste nunha formación en todas aquelas habilidades relacionadas coa actividade laboral; considérase formación teórico-práctica.


E ten como obxectivo xeral formar en habilidades sociolaborais a usuarios/as coa Síndrome de Down e/ou outra discapacidade intelectual co fin de que accedan ao mercado laboral ordinario e/ou melloren as súas condicións e habilidades neste ámbito.

Formación para o emprego



Fonte: Elaboración Propia 2012. *Down Pontevedra "Xuntos"*.

Inclusión Laboral



Fonte: Elaboración Propia 2012. *Down Pontevedra "Xuntos"*.

ÁREA DE VIDA ADULTA E INDEPENDENTE

Integrará aqueles programas dirixidos, principalmente, a dotar de apoio ás persoas usuarias para a súa integración social activa. Nesta área estarán ubicados aqueles programas dirixidos a persoas adultas e adolescentes, escolarizados ou non.

Programa de Inclusión Social

Este programa está pensado para mozos/as e adultos coa Síndrome de Down e/ou outra discapacidade intelectual que presenten dificultades en áreas de habilidades adaptativas, xa que dende a entidade detectamos a necesidade de traballar con aqueles/as usuarios/as que sobre todo, unha vez superada a idade de escolarización, non tiñan outra alternativa para seguir mellorando en ditas áreas. **Actualmente hai 22 usuarios/as neste programa.**


Unha vez detectadas as áreas nas que o individuo necesita mellorar desenvólvese un programa que contribuirá a disminuir os seus niveis de dependencia persoal e a que asuma a responsabilidade social que se espera de, en entornos familiares e comunitarios ordinarios. A través deste programa, o/a usuario/a poderá acadar maiores cotas de autonomía e recoñecera as fortalezas de cara a potenciar a súa inclusión social e laboral.

O programa, por tanto, considerará as necesidade de atención no total das dez habilidades adaptativas: comunicación, coidado persoal, vida no fogar, habilidades sociais, utilización dos recursos da comunidade, autodirección, saúde e seguridade, habilidades académicas funcionais, ocio e habilidades adaptativas relacionadas co traballo.

A persoa coa Síndrome de Down, é membro dun contexto social, por iso debemos de desenvolver as capacidades e habilidades nos seus aspectos físicos, afectivos, cognitivos, comunicativos e de integración social. Con esta actividade preténdese conseguir o máximo nivel de autosuficiencia e independencia persoal nos hábitos cotiás e do fogar (habilidades de autonomía persoal) así como traballar as habilidades básicas dirixidas a conseguir a integración das persoas coa Síndrome de Down na Comunidade (habilidades de Autonomía Social).

Inclusión Social

■ Homes ■ Mulleres



Fonte: Elaboración Propia 2012. *Down Pontevedra "Xuntos"*.

Programa de Vida Independente

Xa na etapa adulta nos atopamos coa necesidade de fomentar aquelas habilidades e destrezas que lle permitan a persoa con Discapacidade Intelectual ter unha vida o mais autónoma posible, neste senso estase a traballar dende tódalas entidades Down por un proxecto de vida adulta e independente que permita poñer en práctica todos estes aprendizaxes, de momento estanse estudando as diferentes propostas levadas a cabo en outras entidades Down de España.

Na nosa entidade xa existe algún caso de usuarios/as que viven de xeito independente e que contaron co apoio dos profesionais da entidade para lograr a súa independencia.



ÁREA COMPLEMENTARIA

Está conformada por aqueles programas que, pola súa natureza aplicable a calquera etapa evolutiva, son susceptibles de dar soporte a calquera das outras áreas.

Programa de Expresión corporal


O corpo é o instrumento de expresión e comunicación por excelencia. Emprega como recursos expresivos o xesto e o movemento. O xesto é necesario para a expresión e a comunicación e o movemento é a base que permite á persoa desenvolver as capacidades intelectuais, o benestar físico e emocional.

A Expresión corporal é unha actividade que desenvolve a sensibilidade, a imaxinación, a creatividade e a comunicación humana. É unha linguaxe por medio da cal a persoa pode sentirse, coñecerse e manifestarse.

A linguaxe corporal permite transmitir os nosos sentimentos, actitudes e sensacións. O corpo emprega unha linguaxe directa e clara, máis universal que a oral, á que acompaña xeralmente para facela máis comprensible.

Polo tanto dende a entidade pretendemos dar resposta con este programa a todas esas emocións e necesidades que moitas veces resultan tan difícil de expresar por parte dos usuarios/as. Trátase de crear un espazo propio no que os participantes estean a gusto coas dinámicas, actividades teatrais e musicais que se realizan, e facer un lugar


propicio para a expresión de emocións e sentimentos a través da música, do corpo, así como para a relaxación. Actualmente hai 11 usuarios/as neste programa.



Fonte: Elaboración Propia 2012. *Down Pontevedra "Xuntos"*.
[Programa de Novas Tecnoloxías \(NN.TT\)](#)

Os sistemas multimedia prometen un papel didáctico importante na ensinanza do futuro ó transmitir información por canles diversas e poder utilizalos de forma individual e interactiva, producíndose a aprendizaxe segundo o interese e a capacidade individual. Cóntase como soporte fundamental o ordenador; a través do cal se apoian e reforzan outras aprendizaxes que se van adquirindo nas distintas actividades que se ofertan (logopedia, apoio educativo, autonomía,...).

Tendo como obxectivo xera que os usuarios/as posúan un coñecemento básico o manexo do ordenador e das novas tecnoloxías e utilicen programas específicos que axuden a potenciar as súas capacidades. Neste intre temos a 13 usuarios/as neste programa.



Fonte: Elaboración Propia 2012. *Down Pontevedra "Xuntos"*.

Programa de Ocio

O ocio representa sempre unha parte integrante do noso propio desenvolvemento persoal, o seu goce permítenos non só relacionarnos social e persoalmente, senón ter a oportunidade de afianzar as nosas perspectivas persoais. Sen el, ás persoas faltaríanos a oportunidade de implicarnos socialmente, desenvolver habilidades de autonomía, emocionais, culturais e incluso intelectuais.

O proxecto está dirixido a todos aqueles usuarios/as coa Síndrome de Down e outro tipo de discapacidade intelectual maiores de 14 años socios/as da asociación que están interesados en participar no mesmo. Actualmente temos a 46 usuarios/as neste programa.


E ten como obxectivo favorecer a participación das persoas coa Síndrome de Down e/ou outro tipo de discapacidade intelectual nas actividades de ocio, como medio de desenvolvemento persoal e orientadas ao goce do tempo libre.

Dentro do programa existen tres grupos, un deles con usuarios/as entre os 14 e 18 anos de idade, outro con aqueles maiores de 18 años, e outro de mozos/as que gozan dun ocio autónomo sen compañía de monitores/as (grupo de autoxestores).

Con este programa preténdese favorecer a participación nas actividades de ocio como vía para o desenvolvemento e goce persoal de xoves con e sen discapacidade. Ó mesmo tempo que aprender a empregar de forma axeitada e proveitosa o tempo de lecer, a mellorar as habilidades sociais dos usuarios/as, aprender a acatar normas sociais e de comportamento que permitan unha convivencia construtiva que non rivalice ca expresión persoal, favorecer a inclusión social, etc.

En xeral a gran maioría destes rapaces/as non posúen as habilidades sociais básicas e presentan un índice de sobreprotección elevado, polo cal non teñen un grupo social de referencia mais aló do entorno familiar; círculo de relación ó cal se reduce toda a súa experiencia social e lúdica.

A metodoloxía empregada neste programa é a do consenso, o respecto e a tolerancia. O ocio debe ser libre, non dirixido, posto que tempo de lecer é aquela situación na que non existe a obriga de realizar unha determinada tarefa.



Fonte: Elaboración Propia 2012. *Down Pontevedra "Xuntos"*.

ÁREA TRANSVERSAL

Recolle todos os programas pola súa natureza globalizadora, ademais de estar presente en todas as áreas abarca a todos os grupos de interese (de xeito global) das entidades: persoas usuarias, familias e entorno social. Nesta área atendemos a 78 familias das 98 socias da entidade


Programa de Familias

Un dos propósitos principais da entidade é "a mellora da calidade de vida das persoas con Discapacidade intelectual e das súas familias", o que xa nos indica de antemán que a atención á persoa con discapacidade Intelectual non pode quedar dissociada da atención preferente ao seu propio entorno familiar.

Partimos da premisa de que a familia constitúe o referente primordial para a inclusión das persoas con Discapacidade Intelectual. A familia é o principal recurso para responder as necesidades propias e as do seu membro con discapacidade intelectual. Non só é un grupo pasivo demandante e receptor de apoios e recursos, tamén constitúe o principal recurso para responder as necesidades de tódolos seus membros. Constitúe a parte esencial a hora de orientar e xerar recursos e servizos para o benestar da persoa con discapacidade intelectual. Como calquera outra persoa, quen ten discapacidade, precisa dun entorno próximo equilibrado, cálido afectivamente, onde as súas cualidades e posibilidades sexan tidas en consideración e lle resulten potenciadas en tódolos aspectos.

En Down Pontevedra "Xuntos" pensamos que a familia e os seus compoñentes, pais e irmáns, constitúen tamén un obxectivo de atención.

Nace así o Programa de Familias, para dar resposta e orientar as familias en todos aqueles aspectos que poidan mellorar a súa vida e por suposto a da persoa con Discapacidade Intelectual.




Fonte: Elaboración Propia 2012. *Down Pontevedra "Xuntos"*.

Programa de Sensibilización

O programa de sensibilización está dirixido a dar a coñecer a realidade das persoas coa Síndrome de Down e/ou outra discapacidade intelectual, para isto realízanse diferentes accións de divulgación en prensa escrita , medios de comunicación e difusión, impartición de cursos, charlas...etc.

Ten a finalidade de difundir e sensibilizar á sociedade acerca das capacidades das persoas coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, dada a limitada conciencia e respecto ás diferenzas que ten a sociedade de hoxe en día.

**NA SEGUINTE GRÁFICA PODEMOS OBSERVAR A PORCENTAXE DE
USUARIOS/AS QUE ACUDIRON ÓS DIFERENTES PROGRAMAS DO SEPAP.**



Fonte: Elaboración Propia 2012. *Down Pontevedra "Xuntos"*.

8. METODOLOXÍA DO TRABALLO

O estilo de intervención que se emprega baséase nunha metodoloxía activa, participativa e colaborativa.

As sesións de intervención poden ser grupais ou individuais, en función do programa e das necesidades dos usuarios/as.

9. TEMPORALIZACIÓN E CRONOGRAMA

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| X | F | M | A | M | X | X | A | S | O | N | D |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | | | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|
| ÁREA DE ATENCIÓN TEMPERÁ | | | | | | | | | | | | |
| Programa de Atención Temperá | | | | | | | | | | | | |
| ÁREA DE EDUCACIÓN | | | | | | | | | | | | |
| Programa de apoio e inclusión escolar/coordinación con centros | | | | | | | | | | | | |
| Programa de apoio persoalizado: | | | | | | | | | | | | |
| - LOGOPEDIA | | | | | | | | | | | | |
| - APOIO ESCOLAR | | | | | | | | | | | | |
| - AUTONOMÍA | | | | | | | | | | | | |
| ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO | | | | | | | | | | | | |
| *Programa ECA | | | | | | | | | | | | |
| *Programa de Inclusión Laboral: Formación para o emprego | | | | | | | | | | | | |
| ÁREA DE VIDA ADULTA E INDEPENDENTE | | | | | | | | | | | | |
| *Programa de Inclusión Social | | | | | | | | | | | | |
| ÁREA COMPLEMENTARIA | | | | | | | | | | | | |
| *Programa de Expresión Corporal | | | | | | | | | | | | |
| Programa de Novas Tecnoloxías | | | | | | | | | | | | |
| *Programa de Ocio | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | |
| ÁREA TRANSVERSAL | | | | | | | | | | | | |
| *Programa de Familias | | | | | | | | | | | | |
| *Programa de Sensibilización | | | | | | | | | | | | |

* Estes programas realizan unha programación anual, o resto seguen o calendario do curso académico.

Os servizos realízanse de Luns a Venres no horario habitual da entidade, exceptuando ocio e expresión corporal

- Expresión Corporal realízase os sábados pola mañá de 11.00h a 12.30h

- O horario das actividades de ocio depende das saídas programadas. En fin de semana.

10. RECURSOS HUMANOS

Actualmente a entidade conta coa seguinte plantilla profesional:

- Un profesional para a área Transversal (Coordinación)
- Un profesional de Servizos Administrativos
- Un profesional para as áreas Transversal (Apoio a coordinación)
- Un profesional para as áreas de Atención Temperá e Inclusión Educativa (Logopedia)
- Dous profesionais para a área de Formación e Emprego (Emprego con Apoio)
- Dous profesionais para a área de vida adulta e independente (Inclusión Social)
- Dous profesionais para a área de Formación para o emprego (Inclusión Laboral)
- Un profesional para a área de Inclusión Educativa (Apoio educativo)
- Dous profesional da área Complementaria (Ocio e NN.TT.)
- Dous profesionais do servizo de limpeza.

11. RECURSOS MATERIAIS

A asociación conta cun local propio e outro en aluguer para o desenvolvemento do servizo e programas.

RECURSOS MATERIAIS:

- Material funxible
- Material Inventariable:
 - Mobiliario de oficina: Cadeiras/mesas/arquivadores,etc
 - Fotocopiadora/ordenador
 - Liña telefónica/Fax
- Material didáctico

RECURSOS ECONÓMICOS:

- Subvencións de carácter público e privado
- Fondos propios
- Cotas de socios/as

12. ACCIÓN DA FORMACIÓN REALIZADA

Curso 1: A pizarra dixital

Obxectivo: Formar ós técnicos das entidades membro de Down Galicia na funcionalidade das pizarras dixitais

Curso 2: Lexislación educativa "Atendendo á diversidade".

Obxectivo: Adquirir os conceptos e contidos fundamentais da política educativa para a súa adecuada comprensión e aplicación na práctica do traballo diario, especialmente aquela referida á alumnos con necesidades educativas específicas.

Curso 3: Elaboración de materiais educativos: Programa EdiLIM

Obxectivo: Aprender o manexo da ferramenta de autor **Edilim** para deseñar diversos tipos de actividades educativas.

Curso 4: Normativa laboral e prestacións

Obxectivos:

- Analizar a situación da normativa laboral actual e prestacións en relación ás persoas con discapacidade.

Curso 5: Captación de recursos privados. Comunicación en redes sociais e internet 2.0

Obxectivo: dotar de recursos a profesionais das entidades para acometer unha estratexia de captación e orientar a comunicación ás esixencias do escenario actual.

Curso 6: Seminario introdución do traballo cooperativo na aula, unha forma de entender a inclusión.

Obxectivos:

- Ofrecer ós mestres e profesionais de apoio criterios de reflexión para a análise do grao de inclusión das súas aulas.
- Dotar ás e os mestres e profesionais de apoio de instrumentos dirixidos a estruturar os procesos de ensino aprendizaxe de forma cooperativa.
- Descubrir formas de coordinación entre mestres e profesionais de apoio
- Ofrecer ós mestres e profesionais de apoio experiencias xa desenvolvidas que poidan fundamentar a súa práctica.
- Axudar a analizar a incidencia da estruturación cooperativa da aula na aprendizaxe de todo o alumnado e na inclusión dos que atopan máis barreiras para participar.
- Axudar ás e ós mestres e profesionais de apoio a transformar as súas aulas cunha tendencia inclusiva.

Curso 7: Seminario estruturación cooperativa da aula**Obxectivos:**

- Ampliar os coñecementos e práctica sobre o traballo cooperativo na aula.
- Ofrecer ós mestres e profesionais de apoio criterios de reflexión para a análise do grao de inclusión das súas aulas.
- Dotar ás e os mestres e profesionais de apoio de instrumentos dirixidos a estruturar os procesos de ensino aprendizaxe de forma cooperativa.
- Descubrir formas de coordinación entre mestres e profesionais de apoio
- Ofrecer ós mestres e profesionais de apoio experiencias xa desenvolvidas que poidan fundamentar a súa práctica.

- Axudar a analizar a incidencia da estruturación cooperativa da aula na aprendizaxe de todo o alumnado e na inclusión dos que atopan máis barreiras para participar.
- Axudar ás e ós mestres e profesionais de apoio a transformar as súas aulas cunha tendencia inclusiva.

Curso 8: Xestión e Administración Contable-Fiscal-Subvencións; Novo Plan Xeral contable adaptado 2012; Operacións vinculadas e normativa subvencións públicas.

Obxectivos:

- Capacitar, na xestión e na administración contable das entidades sen ánimo de lucro, a profesionais para a elaboración, revisión e interpretación da contabilidade e dos estados contables-financeiros.
- Identificar o ámbito de aplicación da normativa sobre operacións vinculadas nas ONL, con detalle das obrigas legais e da valoración a prezos de mercado estas operacións.
- Coñecer a normativa legal vixente en materia de subvencións públicas, incidindo no coñecemento dos requisitos legais que debe cumprir a entidade a hora de xestionar as súas subvencións públicas.

Curso 9: Xestión de concursos de contratación pública.

Obxectivos: Adquirir formación en:

- a) A preparación dos contratos con carácter xeral.
- b) Tipos de contratos. O contrato de servizos.
- c) Tipos de procedementos de contratación.

- d) Mesas de contratación (informes de adxudicación, baixa temeraria).
- e) Cumprimento dos contratos.

Curso 10: Técnicas de modificación de conduta e intervención familiar.

Obxectivos: Coñecer as principais técnicas e estratexias de intervención de modificación de conduta e cognitivo-condutuais nas persoas coa SD. para a aplicación en distintos contextos, como complemento ás intervencións integrais en ditos contextos, especialmente o familiar (cómo implicar a familia para que forme parte da intervención: en qué momento, con qué tarefas, como concienciar da existencia dun problema de conduta dos seus fillos...).


Curso 11: Autonomía e autoxestión.

Obxectivo: Adquirir coñecementos en torno a autoxestión de cara a promover a autoxestión e a autodeterminación das persoas con discapacidade intelectual nas entidades membro e na vida diaria en xeral.

13. AVALIACIÓN

A nosa entidade despois de facer unha análise e valoración dos resultados obtidos en cada un dos programas levados a cabo no Servizo de promoción da autonomía persoal (SEPAP), constatamos que estes foron satisfactorios e seguiremos traballando de cara a conseguir as metas e liñas de acción reflectidas no plan estratéxico da Federación.


14. BALANCE DE GASTOS E INGRESOS



Fonte: Elaboración Propia 2013. *Down Pontevedra "Xuntos"*.

INGRESOS 2012

- Subvencions públicas
- Cotas socios e donativos
- Ingresos derivados de activ/ cobramento de servizos
- Outras subvencions



Fonte: Elaboración Propia 2013. *Down Pontevedra "Xuntos"*.